



ANUNCIO

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA PARA O ANO 2017

Por resolución de Alcaldía de data 21.12.2017 aprobouse a oferta de emprego público do Concello de Redondela, dispoñendo que se publique no Boletín Oficial da Provincia. En cumprimento do citado acordo procédese á publicación da oferta de emprego público do Concello de Redondela para o ano 2017, cuxas prazas que se ofertan son as seguintes:

TURNO LIBRE

	Escala	Subescala	Clase	Categoría	Grupo-Subgrupo
1 praza de auxiliar administrativo (funcionario)	Admón. Xeral	Auxiliar	-	-	C2
1 praza de oficial de medio ambiente (funcionario)	Admón. Especial	Servicios Especiales	Personal de oficios	Oficial	C2
1 praza de operario de vías e obras (funcionario)	Admón. Especial	Servicios Especiales	Personal de oficios	Operarios	D.A. 7ª -Otras Agrupaciones profesionales

PROMOCIÓN INTERNA

	Escala	Subescala	Clase	Categoría	Grupo-Subgrupo
1 praza de administrativo (funcionario)	Admón. Xeral	Admvo.	-	-	C1
1 praza de auxiliar admvo. (funcionario)	Admón. Xeral	Auxiliar Admvo.	-	-	C2
1 praza de oficial de xardíns (persoal laboral fixo)	-	-	Personal de oficios	Oficial	C2



Resérvase a praza de auxiliar administrativo do turno de promoción interna para persoas con discapacidade.

O prazo máximo para a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos será de 3 anos a contar dende a publicación da presente OEP no Boletín Oficial da Provincia.

RECURSOS:

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o sr. Alcalde, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.